

Información COVID-19 03/05/20

Esta tarde acaban de publicar no BOE a orden na que se regula o funcionamento dos establecementos de comercio, servizos profesionais (peluquerías), hostelería-restauración que queiran abrir na Fase 0 do descalamento, que empeza a partir de mañá día 4 ata o 10 de maio, e esta dice:

COMERCIOS E SERVIZOS PROFESIONAIS (PELUQUERÍAS)

1º. Só poden abrir establecementos de menos de 400m², que non teñan carácter de centro ou parque empresarial. (Non teñen entrada independente dende o exterior).

2º.- Terá que establecer un sistema de cita previa que garantice que só poida estar un cliente no interior por cada traballador ca debida separación ou utilizando mamparas.

3º.- Debese marcar unha preferencia para persoas maiores de 65 anos que coincida ca franxa horario de permisos para paseos deste colectivo.

4º.- Poderán establecerse sistema de recollida de produtos evitando aglomeración no interior e accesos.

5º.- Os clientes poderán ser do concello onde residen ou doutros que non existan estes establecementos.

6º.- Deberán respectarse e ser estrictos nas medidas de hixiene e prevencións para clientes e traballadores que poden comprobar na orden.

ACTIVIDADES DE HOSTELERÍA E RESTAURACIÓN

1º.- Pódese realizar actividades de entrega a domicilio ou recollida no establecemento dos pedidos feitos polos clientes por teléfono ou on line, fixando a hora de recollida e evitando aglomeracións, permanecendo o establecemento pechado no resto do tempo.

2º.- O establecemento habilitará un espazo de recollida dos pedidos e cas medidas de protección con mostrador ou mamparas que garanten a separación. Prohibíndose o consumo ou servizos no seu interior.

3º.- Si o establecemento conta con puntos de pedido e entrega

dende o vehículo pode mantelos.

4º.- Si no establecemento se pode garantir a separación mínima entre os clientes, debe indicarse con carteis e señales no chan quedando clara a diferenciación que terán que ser atendidos por traballadores distintos. No caso de que non sexa posible, só poderá atenderse a un cliente que é o único que permanecerá no establecemento o tempo mínimo posible.

5º.- A orden establece medidas de hixiene e prevención para traballadores e clientes.